



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:45 horas do día 7 de setembro de 2016, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 5 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández (puntos 1a, 2a, 2b, 2c, 2d, 2e, 3a, 3b, 3c, 3d, 4a e 5a)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (puntos 3c, 6a e 6b)

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita (asiste aos puntos 1a, 2a, 2b, 2c e 2d)
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 2d, 2e, 3a, 3b, 3c, 3d, 4a e 5a, 6a e 6b)
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 6b)
D. Jesús Núñez Torrón (asiste aos puntos 2e e 3d)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 2c, 2d, 3a, 3b e 3c)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 4a e 5a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 31.08.2016

Apróbase, con correccións, a acta da Mesa de Contratación do 31 de agosto de 2016 cos votos a favor de D. Alberto Escariz Couso, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. David Regades Fernández.

2.- Apertura da documentación administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)

Requirida a emenda da documentación persoal ás empresas PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, SAU (non indica obxecto social), BENITO URBAN, SLU (non indica obxecto social) e GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SLU (declara solvencia técnica e profesional insuficiente), durante o prazo concedido achegan documentación:

- BENITO URBAN, SLU, achega declaración xurada na que indica obxecto social.
- GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SLU, presenta nova declaración responsable conforme ao modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

No mesmo prazo, PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, SAU pon en coñecemento do Servizo de Contratación por vía telefónica que o obxecto social xa constaba na declaración responsable achegada no Sobre A.

Tras a cualificación da documentación presentada e comprobación da declaración responsable de PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, SAU, a Mesa, acorda por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento ás empresas BENITO URBAN, SLU e GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SLU, e PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, SAU por ser a documentación conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

Requirida a emenda da documentación persoal ás empresas SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (solvencia económica e financeira e técnica e profesional insuficiente) e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA (solvencia técnica e profesional insuficiente), durante o prazo concedido, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA achega certificación na que fai constar unha relación de obras co obxecto de acreditar a solvencia técnica.

Tras a cualificación da documentación presentada a Mesa, acorda por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA por ser a documentación presentada conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
2. Excluir do procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

Se ben durante o prazo concedido para a presentación de ofertas a empresa presentou a declaración responsable (Anexo II do prego), a solvencia declarada nela resultou insuficiente. Por este motivo, requíriuselle o 1 de setembro de 2016 a emenda da anterior documentación, non téndose presentado no prazo concedido.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

Requirida a emenda da documentación persoal ás empresas SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (solvencia económica e financeira e técnica e profesional insuficiente) e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA (solvencia técnica e profesional insuficiente), durante o prazo concedido, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA achega certificación na que fai constar unha relación de obras co obxecto de acreditar a solvencia técnica.

Tras a cualificación da documentación presentada a Mesa, acorda por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA por ser a documentación presentada conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
2. Excluir do procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

Se ben durante o prazo concedido para a presentación de ofertas a empresa presentou a declaración responsable (Anexo II do prego), a solvencia declarada nela resultou insuficiente. Por este motivo, requiríuselle o 1 de setembro de 2016 a emenda da anterior documentación, non téndose presentado no prazo concedido.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

Requirida a emenda da documentación persoal ás empresas SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (solvencia económica e financeira e técnica e profesional insuficiente), EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA (solvencia técnica e profesional insuficiente) e ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL (solvencia técnica e profesional insuficiente), durante o prazo concedido, presentan documentación:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA, (achega certificación na que fai constar unha relación de obras co obxecto de acreditar a solvencia técnica).
- ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL (achega declaración responsable na que indica unha relación de contratos executados no 2015 e un contrato entre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2015-2016)

Tras a cualificación da documentación presentada a Mesa, acorda por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA por ser a documentación presentada conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
- Excluir do procedemento a ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440) por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego. Dos datos declarados pola empresa despréndese que a suma dos importes dos contratos executados nunha das anualidades (2015) é inferior ao valor estimado do contrato (464.100,39 euros).
- Excluir do procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440) por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

Se ben durante o prazo concedido para a presentación de ofertas a empresa presentou a declaración responsable (Anexo II do prego), a solvencia declarada nela resultou insuficiente. Por este motivo, requiríuselle o 1 de setembro de 2016 a emenda da anterior documentación, non téndose presentado no prazo concedido.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)

Ábrese pola secretaria o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a súa cualificación pola Mesa, esta acorda, por unanimidade dos membros presentes:

1. Admitir inicialmente neste procedemento a EULEN SERVICIOS SANITARIOS, SA por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa
2. Outorgar un prazo de tres día para que emenden a declaración presentada aos seguintes licitadores:
 - FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE LA ACCION SOCIAL (solvencia económica e financeira e técnica e profesional insuficiente).
 - OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. (a. Deberá declarar que empresas pertencen ao seu grupo ou ben declarar que ningunha delas concorre a esta licitación; b. Aclarar a discrepancia entre a empresa que licita e aquelas que constan nos certificados acreditativos da solvencia técnica e profesional; c. Terá que detallar, para os efectos de comprobar a solvencia técnica, o importe de cada un dos contratos que relaciona por anualidades, segundo o modelo do Anexo II do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

administrativas particulares)

- CLECE, S.A. (deberá incluír unha breve descrición do obxecto dos contratos que relaciona na súa declaración para acreditar a solvencia técnica, segundo o modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares, así como declarar que empresas pertencen ao seu grupo ou ben declarar que ningunha delas concorre a esta licitación).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

En acto público ábrese o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas e admitidas. Non comparece ningún licitador.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

En acto público ábrese o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas e admitidas. Non comparece ningún licitador.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

En acto público ábrese o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas e admitidas. Non comparece ningún licitador.

A empresa OGMIOS PROYECTO, SL só presenta un CD e nel consta un arquivo que non se pode abrir, polo que a Mesa acorda dar traslado da incidencia ao Servizo de Administración Electrónica con carácter previo á solicitude de informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)

Non se procede á apertura porque a Mesa acordou no punto 2e desta sesión requirir a emenda da documentación administrativa ás empresas FUNDACION PARA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106)

Faise entrega do informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais (por encomenda do xefe de Servizo de Comercio) de data 2 de setembro de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor.

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106)

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais (por encomenda do xefe de Servizo de Comercio) de data 2 de setembro de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor e fai constar que a empresa Sielvigo, SL non describe na súa oferta ningunha proposta, senón que coincide exactamente co Anexo II do proxecto técnico.

6.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigozoo (7144-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigozoo (7144-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación
----------	------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1	COYMA, SL	91,00
2	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL	84,86
3	EULEN, SA	81,70
4	ATLAS, SL	76,78
5	DISMOBA, SL	44,43

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COYMA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 991,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COYMA SERVICIOS GENERALES, SA, o 19 de agosto de 2016, que presenta a documentación requirida o 26 de agosto, dentro do prazo concedido. Tras a cualificación da documentación pola Mesa de Contratación, esta decidiu con data do 31 de agosto de 2016 requirir a súa emenda, polo que a empresa presenta nova documentación o 5 de setembro.

Terceiro.- O 7 de setembro de 2016, a Mesa de Contratación, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COYMA SERVICIOS GENERALES, SA.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COYMA SERVICIOS GENERALES, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control do público en Vigozoo por un prezo de 80.972,49 euros e cunha redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ao público previstos no apartado 3F da FEC do 10% e unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 100 horas. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (14667-333)

A secretaria pon en coñecemento da Mesa a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar e fai constar que ambas as dúas pagaron os anuncios pola totalidade do seu importe, como así se lles requiriu erroneamente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (14667-333).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (expediente 14.667-333), por ter presentado ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aos seguintes licitadores:

Lote 1:

- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
- NAROM, SL

Lote 2:

- ORESA, SL
- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SLU
- COPCISA SA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1: “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña”:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	95,96
2	COPCISA, S.A.	93,00
3	ACEVI, S.L.	87,10
4	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	85,99
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	85,55
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,78
7	ORECO SA	81,22
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	80,15
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	75,50
10	CIVIS GLOBAL	60,84

LOTE Nº 2: “Reparación e mantemento no campo de fútbol do Meixoeiro”:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Empresas	Puntuación
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	95,17
2	CIVIS GLOBAL	94,61
3	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	94,00
4	ACEVI, S.L.	93,67
5	NAROM, S.L.	92,36
6	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	92,21
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	90,76
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	83,51
9	ORECO SA	82,31
10	MECANO SPORT S L	69,03

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 739,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2) o día 25 de agosto de 2016, que presentan a documentación requirida o 1 de setembro e o 31 de agosto de 2016, respectivamente, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo correcta a presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dese lote. No entanto, revisada a documentación presentada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), a Mesa acorda requirirle nova documentación na que aclare o obxecto da póliza do seguro de responsabilidade civil, importe e prazo de vixencia. Así mesmo, deberá achegar recibo de pagamento do seguro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

lugar no lote 1 como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1), de acordo cos informes de valoración da oferta técnica e económica do 22 de xuño e 13 de xullo de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras do Lote 1. “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña” coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 62.001,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.760,63 euros.*
- *O prazo de garantía increméntase en 96 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:10 horas, logo dun receso ás 10:10 ata as 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.e Pr.

O presidente da Mesa

O presidente da Mesa

D. David Regades Fernández

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

A secretaria

D^a. Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 05:26	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA842-CE4452-81EAC9-8WT3P9-MX9RBH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		